

Duatlón Ribadumia 2018

28 xaneiro

DUATLÓN RIBADUMIA 2018 – 28 de xaneiro de 2018

REGULAMENTO E RUTÓMETRO

1. Organiza:

- -Asociación Cultural Herminio Barreiro de Ribadumia

2. Data:

- Domingo 28 de xaneiro do 2018

3. Saída:

- Ás 10:30 da mañá saída conxunta de todas as categorías masculina e feminina dende a liña de saída establecida na rúa.

4. Horarios:

Hora	Acto	Lugar
09:00 a 10:00	Recollida de dorsais	Zona técnica. Confluencia da avenida Bouza Martín coa Rúa Condesa.
09:30 a 10:15	Control de material	Boxes
10:15	Reunión técnica – explicación percorrido	Zona técnica
10:30	SAIDA	Na liña de saída

5. Distancias:

- **5 km** de carreira a pe – **20km** en bicicleta – **2,5 km** de carreira a pe.

6. Instalacións:

- **Carpa organización:** Na confluencia da avenida Bouza Martín coa Rúa Condesa.

- **Carpa control de carreira:** Na confluencia da avenida Bouza Martín coa Rúa Condesea.
- **Megafonía e locución:** Na confluencia da avenida Bouza Martín coa Rúa Condesea.
- **Vestuarios, duchas e mangueira para lavado de bicis:** Instalacións do Ximnasio Municipal de Ribadumia, en Barrantes
- **Como chegar:**
<https://goo.gl/maps/6d6uaCWSym72>

7. Inscripcións:

A inscrición realizarase on-line, a través da web de EME SPORTS

<http://emesports.es/>

Ata o xoves 25 de xaneiro de 2018, as 23:59 horas. Límite de prazas: 300 participantes.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo. Todas serán confirmadas na web.

Prezo: 15 €

8. Categorías:

Establecense as seguintes categorías basandonos no ano de nacemento.

- Veteranos (nados antes de 1982 , incluído 1982)
- Senior (nados desde 1983 a 1998)
- Junior (nados en 1999 - 2001)

A proba está aberta para deportistas federados e non federados nas categorías arriba indicadas.

9. Sistema de cronometraxe:

Sistema de cronometraxe EME. Haberá control de paso de volta e paso por boxes.

10. Información e contacto:

Enderezo electrónico: aso.herminio.barreiro@gmail.com

Paxina web: <http://duatlonribadumia.com>

<http://emesports.es/>

11. Premios:

Entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificados de cada categoría (m/f) e ós tres primeiros equipos clasificados. Tamén se terá recoñecemento o deportist@ máis veterano e o 1º clasificad@ do concello de Ribadumia.

Premos en metálico:

Os premios en metálico estableceuse para as categorías masculina e feminina para os primeiros clasificados, según a seguinte taboa, establecida para unha inscrición por sexo igual ou superior a 75 participantes (25% da inscrición) ou para menos de 75 participantes. (ver seguintes tablas)

Taboa1. Categoría MASCULINA E FEMENINA SI SE SUPERA OS 75 INSCRITOS EN CADA SEXO.

Posto	Premio
PRIMEIRO Clasificad@ absolut@	350 €
SEGUNDO Clasificad@ absolut@	200 €
TERCEIRO Clasificad@ absolut@	120 €
CUARTO Clasificad@ absolut@	80 €
QUINTO Clasificad@ absolut@	50 €
SEXTO Clasificad@ absolut@	40 €
SETIMO Clasificad@ absolut@	30 €
OITAVO Clasificad@ absolut@	20 €
NOVENO Clasificad@ absolut@	15 €
DECIMO Clasificad@ absolut@	15 €

Taboa2. Categoría MASCULINA E FEMENINA SI NON SUPERA OS 75 INSCRITOS EN CADA SEXO.

Posto	Premio
PRIMEIRO Clasificad@ absolut@	120 €
SEGUNDO Clasificad@ absolut@	100 €
TERCEIRO Clasificad@ absolut@	80 €
CUARTO Clasificad@ absolut@	50 €
QUINTO Clasificad@ absolut@	30 €

• *Este baremo e establecido pola organización para unha igualdade competitiva en ambos sexos, no caso de que na categoría masculina se supere os 75 inscristos e na feminina non, seguirase a tabla correspondente en cada caso, e dicir, o masculino terá os premios da tabla 1 e o feminino os da tabla 2.*

12. Regulamento:

A proba rexerese polas normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Española de Tríatlon.


13. Percorrido: (o percorrido final farase público 15 días antes na web do evento: duatloncrossribadumia.com). Este percorrido pode ser modificado pola organización, ou recortado segun estime oportuno por condicións climatolóxicas ou outras causas.

- **1ª carreira a pé 5 km. (duas voltas ó circuito de carreira).** O 1º sector de carreira a pé consta dun treito sinalado convintemente de 2.500 m, o que se da DUAS VOLTAS , que descorrerá por tramos de estrada asfaltada, delimitados pola organización, no núcleo de Barrantes.
- **20 km (catro voltas ó circuito de bicicleta).** O sector de ciclismo constará de CATRO VOLTAS. A saída estará na área de transición. O percorrido descorrerá por tramos de estrada asfaltada delimitados entre Barrantes e Ribadumia.
- **2ª carreira a pé 2,5 km (unha volta ó circuito de carreira).** 2º sector de carreira a pé consta dun treito sinalado convintemente de 2.500 m, o que se dará UNHA VOLTA, que descorrerá por tramos de estrada asfaltada, delimitados pola organización, no núcleo de Barrantes.

Os planos da proba publicaranse na web da mesma, duatlonribadumia.com, e tamén no sitio de EME Sports.

14. Avituallamentos.

Avituallamento sólido e líquido en zona de post-meta.



Duatlón Ribadumia 2018

28 xaneiro

RUTÓMETRO DO DUATLÓN RIBADUMIA 2018

A proba, que terá lugar o domingo 28 de xaneiro de 2018, transcorrerá integramente polo Concello de Ribadumia, e estará dividida en dous sectores: sector a pe e sector en bicicleta.

A saída, paso de volta, zona de transición e a liña de meta estarán situadas no núcleo de Barrantes, na avenida Bouza Martín (EP-9305). A zona técnica estará instalada na confluencia da avenida Bouza Martín coa Rúa Condesea.

As dúas primeiras voltas corresponderán co sector de carreira a pe, o mesmo que a última volta. Polo tanto, saída e meta serán a pe.

O sector de carreira a pe: transcorrera maiormente polo núcleo de Barrantes:

Primeiro tramo (dúas voltas):

- sae dende a Avenida Bouza Martín,
- xirando pola Avenida Rosalía de Castro (EP-9402).
- A 175 metros a ruta desviase á dereita por unha pequena pista sen denominación, ata enlazar coa Rúa Mimosas (EP-9302) en dirección ó núcleo de Barrantes.
- A 140 metros a ruta desviase a esquerda, por unha via sen denominación ata enlazar coa Rúa labar, xirando a dereita dirección a Rúa Caleixon Loureiro.
- Percorre toda a Rúa calixon Loureiro ata enlazar, xirando a dereita pola Rúa Condesea (EP-9506) e a esquerda xusto despois entrando na Rúa Rabuñade.
- Segue pola Rúa Rabuñade 60 metros e xira a dereita para subir ata as instalacións do CEIP Xulia Becerra Malvar, pola travesía Bouza Martín.
- Atravesa o patio do CEIP Xulia Becerra malvar e xira a esquerda seguindo a Travesía Bouza Martín ata enlazar coa Rúa valle Inclan, onde xira a esquerda, dirección Rúa Os Conchidos.
- Percorre a Rúa os Conchidos , xirando a dereita dúas veces ata volver encontrarse coa Rúa Valle Inclan, dirección Avenida Bouza Martín.
- Segue ata encontrarse coa Avenida Bouza Martín, e xira a dereita para realizar o paso da primeira volta, logo do cal o percorrido repítese e o paso a zona de transición, para iniciar o sector de bicicleta.

Segundo tramo (unha volta):

- Sae da zona de transición logo de completarse o percorrido en bicicleta, e enfila pola Rúa Mimosas ata o primeiro desvío a man dereita. A partir deste punto o circuito é o mesmo que o das dúas primeiras voltas, ata chegar ó paso de volta onde se encontra a liña de meta.

Sector bicicleta (catro voltas): transcorrerá polo núcleo de Barrantes e parte do Concello de Ribadumia.

- Sae da Avenida Bouza Martín, logo de facer a transición, e enfila pola Rúa Mimosas, desviándose pola primeira vía a dereita ata encontrarse coa Rúa Albar e voltar xirando a dereita. Este tramo é coincidente co sector á pe, pero ambos percorridos permanecerán separados fisicamente.

- Na intersección da rúa albar coa Rúa Caleixon Loureiro e a Rúa os Castaños, o percorrido xira á esquerda pola Rúa os Castaños (EP- 9305), e volve xirando a dereita a 110 metros, pola Travesía Os Castaños.

- Segue pola travesía os castaños ata enlazar a altura da ponte de Barrantes coa Rúa Condesa, xirando á dereita dirección ó núcleo de Barrantes.

- Toma o primeiro desvío a esquerda, pola Rúa Rabuñade, coincidindo os primeiros 60 metros co sector a pe, anque separados fisicamente.

- Segue pola rúa Rabuñade ata enlazar coa Rúa Coruto

- Segue pola Rúa Coruto ata encontrarse coa Rúa Figueira (EP-9501), xirando entón a dereita sentido a A Senra.

- Toma o seguinte desvío á man dereita, pola Rúa Rabadeiro ata chegar a Rúa Conchidos.

- Segue pola Rúa Conchidos e xira a esquerda pola Rúa Valle Inclán. Este tramo é coincidente co sector a pé pero estará separado fisicamente.

- Segue pola Rúa Valle Inclán ata enlazar coa Avenida bouza Martín. Este tramo é coincidente co sector a pe, sen separacións físicas.

- Xira á dereita pola Avenida Bouza Martín ata o paso por volta.

- Repítese este sector ata completar un total de catro voltas, logo das cales, volve pasar pola zona de transición e realizar a última volta do sector a pe, rematando na liña de meta na Avenida Bouza Martín.